

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DESTINATARIO/A

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente PUBLÍCASE literal do Decreto N° 462/2026 de data 13-07-2026 no que se convoca a sesión Extraordinaria Urxente do Pleno do Concello.

EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE 14/07/2026

EXPEDIENTE N° 2026/G010/000010

Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO DÍA 14 DE XULLO DE 2026

EXPEDIENTE N° 2026/G010/000010

DON JOSÉ SIMOES COUCEIRO ALCALDE EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes conclusos redactada pola secretaria accidental da Corporación o día 13.07.2026, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convocar a todas as persoas membro do Pleno da Corporación á **Sesión extraordinaria e urxente** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial, o próximo **martes día 14.07.2026 ás 09:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no artigo 90 Real Decreto 2568/1986, entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

1 RATIFICACIÓN DA URXENCIA NA CELEBRACIÓN DA SESIÓN.



2 RECTIFICACIÓN DO ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A ADQUISICIÓN DE BEN INMOBLE LINDEIRO PARA AMPLIACIÓN DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME (REFERENCIA CATASTRAL: 7265703NJ6076N0001ZJ)

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á secretaria xeral e á interventora municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde en funcións, don José Simoes Couceiro, (*Delegación conferida por Decreto 439/2026 de 03/07/2026*) do que eu, dona María Roca Vázquez, como Secretaria accidental, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo/a funcionario/a tramitador/a así como pola Secretaria accidental do concello de Pontedeume dona María Roca Vázquez. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de Febreiro).